



Concello de Vigo
Expte. 4748/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 22/2024

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 23 DE DECEMBRO DE 2024

ORDE DO DÍA

UNICO.- Aprobación definitiva do Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2025. Expte 90/142 (Expte 4671/1101).

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Ilmo. Sr. Alcalde
Aguiar Castro, Yolanda
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Caride Estévez, María José
Espinosa Mangana, Elena
Fernández Pérez, José Manuel
Gómez Díaz, Gorka
Iglesias González, Ana Laura
Lago Barreiro, M.^a del Carmen
López Font, Carlos
Mejías Sacaluga, Ana Maria
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel
Rodríguez Calviño, Patricia
Rodríguez Rodríguez, Nuria
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Benavides Alonso, Daniel
García González, Patricia
González Abeijón, Fernando
Martin Peña, Jose Miguel
Sanchez Méndez, M^a Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe
Martínez Piñeiro, Ana
Pérez Igrexas, Xabier

NON ASISTEN:

Estévez Rodríguez, Pablo Luis, concelleiro do grupo municipal Socialista
Iglesias López, Patricia, concelleira do grupo municipal Socialista

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e oito minutos (09:08 h.) do día vinte e tres de decembro do ano dous mil vinte e catro (23/12/24), coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario Xeral do Pleno, don Jose Villán Fuertes, que dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

UNICO.(227).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE VIGO PARA O ANO 2025. EXPTE 90/142 (EXPTE 4671/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 13 de decembro de 2024, a Dirección Superior Contable e Orzamentaria e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda emiten a seguinte proposta,

«ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente do día 18 de outubro de 2024, aprobou o Proxecto dos Orzamentos da Entidade Local e o seu Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo e os Plans de Actuación e Financiamento das Fundacións que forman parte do Grupo Concello de Vigo: MARCO e CONVENTION BUREAU para o ano 2025.

A Comisión de Orzamentos e Facenda, en sesión de data 23/10/2024 en aplicación do previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, abriu o procedemento e fixou o calendario para que os grupos políticos municipais puidesen presentar emendas ao Proxecto de Orzamentos aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 18 de outubro de 2024. O prazo acceso ao expediente para o seu estudo comezou ás 14,19 horas do día 18/10/2024 (líña 169 do expediente), o prazo de inicio de presentación de emendas quedou fixado o comezou para o día 23/10/2024, e rematou ás 13,00 horas do día 31/10/2024.

Seguindo o procedemento legalmente establecido, os Grupos Políticos Municipais, ao amparo do previsto no artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno (ROP), fixeron uso desta prerrogativa e presentaron emendas ao Orzamento no prazo previsto pola Comisión do que queda constancia no expediente coa data 31/10/2024 e rexistradas polo rexistro do Pleno na data que figura nos documentos que se incorporan ao expediente electrónico.

A Comisión de Orzamentos e Facenda en sesión Extraordinaria do 7 de novembro de 2024, ditaminou favorablemente a proposta formulada (asinada o 4/11/2024) do Proxecto de Orzamento para o ano 2025, contendo o pronunciamento sobre as emendas presentadas.

O Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria celebrada o 14 de novembro 2024, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral da Entidade Local, o do seu Organismo Autónomo Administrativo dependente, Xerencia Municipal de Urbanismo e o anexo orzamentario das Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU para o ano 2025.

En cumprimento do preceptuado nos artigos 169 e 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 13 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o devandito expediente estivo a disposición dos interesados no Punto de Acceso Xeral do Concello co enderezo electrónico de referencia da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org>, así como o expediente físico nas dependencias do servizo de Intervención – Contabilidade deste Concello durante o período de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte á inserción do Edicto no Boletín Oficial da Provincia, sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 225 do día 19 de novembro, comezando a súa exposición o día 20, e rematando o prazo da mesma o 11 de decembro de 2024.

No citado período, consonte á dilixencia que se adxunta na que consta o prazo no que estivo en exposición pública o expediente, presentáronse polos interesados que regula os artigos 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP, 6 alegacións que forman parte da documentación que conforma o expediente 90/142 do Orzamento Xeral para o ano 2025. As mesmas foron resoltas, pronunciándose sobre a inadmisión, estimación ou desestimación de acordo aos motivos que en cada caso se reflicten no informe que se achega, dando así cumprimento ao previsto no artigo 35 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A contestación que motiva a inadmisión, estimación ou desestimación figura no informe que conforma o expediente administrativo. Na identificación do/a alegante analízase a lexitimación de quen a presenta, e cal ou cales son os fundamentos da alegación presentada, así mesmo avalíase se se dá cumprimento as causas obxectivas que regula o artigo 170.2 do TRLRFL.

En consecuencia co anterior, aquelas alegacións que estean no marco xurídico do artigo 170.1 e 170.2, é dicir, que o alegante teña lexitimación para presentar a mesma, e ademais, a alegación estea nos supostos taxados no apartado 2 do artigo 170 TRLRFL, nese caso, estudada e avaliada tecnicamente, o órgano político pronunciárase sobre a estimación/desestimación.

No caso no que non exista lexitimación ou non se corresponda cos supostos taxados no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, a alegación será inadmitida, sen entrar na análise da mesma.

Visto o informe técnico sobre as alegacións presentadas ao proxecto do Orzamento para o ano 2025 no prazo de exposición pública, formúlase ao Pleno a seguinte:

PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO PARA O ANO 2025

Tendo en conta o informe técnico, propónse ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a adopción do seguinte ACORDO.../... »

Deseguido o funcionario e concelleiro informantes emiten a proposta que se transcribe na parte expositiva deste acordo.

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda na súa sesión extraordinaria do 18.12.23, rexeitou as alegacións e ditaminou favorablemente a proposta.

En data 20 de decembro, o voceiro do grupo municipal do BNG presentou no Rexistro do Pleno nº 4207/1101, voto particular ao Expte. 90/142, de Resolución de Alegacións e Aprobación definitiva do Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2025, no cal a súa parte resolutiva di o que **consta no referido documento incorporado ao expediente electrónico desta sesión plenaria.**

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN DO VOTO PARTICULAR DO BNG (rexistro de entrada 4207/1101 do 26/12/2023): Con tres (3) votos a favor dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; cinco (5) abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez; e dezasete (17) votos en contra dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, rexeitase o voto particular.

VOTACIÓN DA PROPOSTA: Con dezasete (17) votos a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, **Estévez** Rodríguez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia; e oito (8) votos en contra, dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, e mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.-

A) INADMITIR AS SEGUINTES ALEGACIÓNS/RECLAMACIÓNS

1ª Alegación presentada polo Coordinador Local de Esquerda Unidad en Vigo, nº de documento de rexistro 240385576. Contén 19 baixas ou eliminacións e 18 aumentos ou de nova creación.

3ª Alegación presentada pola Presidenta da Entidade sen ánimo de lucro SÁRDOMA VIGO, FC, nº de documento 240386415.

4ª Alegación presentada (5 solicitudes) polo Sr. Presidente da Asociación veciñal de Teis co número de rexistro do documento 240387387.

5ª Alegación presentada (13 solicitudes), pola Federación de Asociacións de Persoas con Parálise Cerebral (ASPACE), co número de rexistro do documento 240387379.

6ª Alegación presentada (5 solicitudes) pola Presidenta da Federación de veciños Eduardo Chao, documento nº 240387462.

B) REXEITAR A ALEGACIÓN

2ª Alegación presentada polo Secretario da sección Sindical de CCOO no Concello de Vigo, nº de documento de rexistro 240385982.

Segundo o informe de avaliación das mesmas, a síntese que xustifica a inadmisión ou no seu caso, o rexeitamento das alegacións presentadas é a seguinte:

Alegación Nº1, non se axusta a Dereito por: i) non está nos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL xa explicitados, ii) propón diminuír a dotación asociada a varios contratos por 6.625.000 euros, non aplicable sen a tramitación dos preceptivos modificados dos contratos, sempre e cando, estean nos límites porcentuais que establece a LCSP, iii), propor diminuír a achega para os usos gratuítos e bonificados do TUC por unha contía de 2.000.000 de euros, sendo esta a previsión técnica de acordo aos usos esperados para o ano 2025, iv), propor a minoración de contías sobre convenios que están vixentes, v) por ter a consideración de emenda, institución reservada aos grupos políticos con representación municipal no prazo acordado no calendario de tramitación , no é o caso.

Alegacións Nº2 , o seu rexeitamento ten o seu fundamento, na suficiencia de recursos para facer fronte ao axuste entre as prazas asociadas a turnicidade e as que non o están en relación coa variación da ocupación de plantilla da Policía Local entre o ano 2022 e ano 2024, que supón unha variación total do 11,26% que aplicado ás prazas de turnicidade supón o 6,679%, que en termos de prazas supón un aumento de 14 prazas de turnicidade dentro da plantilla de 404, ao estar xa dotadas 190 por axustes na formación do Orzamento, a diferenza para as CINCO prazas restantes, representan un custe máximo de 21.899,5 euros, que o programa 1320 no capítulo 1, dispón de recursos máis que suficientes para facer fronte a esta reclasificación de prazas con 64 vacantes, polo que, o que procede, unha vez aprobada a plantilla, é modificar a RPT para a súa inclusión nos postos M/T/N que proceda segundo necesidades.

Nº 3, Non procede dotación dunha subvención nominativa tramitada mediante a sinatura dun convenio por non ser considerada equipa de elite nin asimilado tal e como se fai constar no informe e na xustificación do servizo de Deportes, todo elo, sendo beneficiaria da convocatoria por concorrencia, sendo o mesmo tratamento que o dispensado a máis de 200 equipas que están en situación similar, quedando constancia de todo elo no informe técnico.

A alegación presentada, non está nos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non responde a ningún dos supostos relacionados no precitado precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, polo que, debe ser inadmitida.

Nº 4, por non axustarse a Dereito, por: i) non está nos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, ii) propón a inclusión de novas aplicacións de gasto ou aumento das existentes financiadas con baixas de outras aplicacións non susceptibles de reducir por estar asociadas a contratos formalizados, polo que, a alegación está desequilibrada xerando un desequilibrio orzamentario contrario ao previsto no artigo 168 do TRLRFL, iii) por propor a imputación de varias anualidades do proxecto a un so orzamento, cano o financiamento debe ir axustando á a execución prevista de acorto ao previsto no artigo 174 do TRLRFL.

Nº 5, Sen prexuízo que as solicitudes poidan ser atendidas dentro das posibilidades económicas das bolsas de vinculación nas que se atopan os créditos, as solicitudes contidas na alegación non se axustan a Dereito, por: i) non está nos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, ii) non está cuantificada cada unha das solicitudes, iii) non propón un sistema de financiamento do maior gasto.

Nº 6, As solicitudes contidas na alegación non se axustan a Dereito, por: i) non está nos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, ii) non propón un sistema de financiamento do maior gasto, iii) nos casos en que se propón financiamento, este é ficticio, ao estar o proposto asociado a contratos en vigor.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o Orzamento para o ano 2025, tendo en conta a proposta de resolución das alegacións presentadas ao Orzamento Xeral do Concello de Vigo, non habéndose producido ningunha alteración en relación co Proxecto aprobado polo Pleno da Corporación na sesión extraordinaria de data 14 de novembro de 2024, polo que, non se incorporan máis informes cos contidos inicialmente, coas excepcións dos relativos á resolución das alegacións que se incorporan ao expediente.

O Proxecto de Orzamento está integrado por:
Orzamento dá Entidade Local.
Orzamento do OO.AA. Xerencia Municipal de Urbanismo.
Anexos dos Orzamentos das Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU.

Reflictese nesta proposta a clasificación e ordenación dos recursos e empregos segundo a seguinte desagregación dos informes.

Resume por capítulos de ingresos e gastos.
Comparativo de gastos e ingresos por capítulos.
Comparativo por Áreas de Gastos.
Comparativo por Políticas de Gastos.
Clasificación por Áreas de Gastos e Capítulos.
Clasificación por programas de gastos e partidas .
Clasificación económica de ingresos por subconceptos.
Anexos dos Orzamentos das Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU

En relación cos estados consolidados, os informes orzamentarios que conforman o expediente do Orzamento, inclúen unha consolidación a todos os niveis coa mesma desagregación que a reflectida para os da Entidade.

Reflictese a emenda aprobada polo Pleno na sesión do 14 de novembro.

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE GASTOS E INGRESOS 2025 E COMPARATIVA CO ANO 2024, ENTIDADE,

CAPÍTULO	Gastos Entidade			Ingresos Entidade		
	Importe 2024	Importe 2025	Variación %	Importe 2024	Importe 2025	Variación %
1	76.830.624,27	79.176.245,70	3,05%	117.410.785,66	123.381.301,49	5,09%
2	157.201.477,42	162.765.405,69	3,55%	10.922.786,87	11.620.105,44	6,38%
3	50.530,00	50.530,00	0,00%	42.799.307,02	46.054.040,02	7,60%
4	39.058.535,66	40.995.350,46	4,92%	123.856.742,57	123.650.270,81	-0,17%
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	5.404.000,00	5.404.000,00	0,00%
Operaci. Corr.N.F	273.741.167,35	283.587.531,85	5,30%	300.393.622,12	310.109.717,76	10,88%

6	36.049.858,26	43.379.030,02	20,33%	,00	,00	0,00%
7	939.850,05	1.129.444,00	20,17%	10.337.253,54	17.986.288,11	73,99%
Operaci. Cap.N.F	36.989.708,31	44.508.474,02	29,65%	10.337.253,54	17.986.288,11	73,99%
8	500.000,00	500.000,00	0,00%	500.000,00	500.000,00	0,00%
9	,00		0,00%	,00		0,00%
Total	311.230.875,66	328.596.005,87	5,58%	311.230.875,66	328.596.005,87	5,58%

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA GASTOS-INGRESOS, ESTADOS CONSOLIDADOS, COMPARATIVO 2024-2025

CAPÍTULO	Gastos dos estados consolidados			Ingresos dos estados consolidados		
	Importe 2024	Importe 2025	Variación %	Importe 2024	Importe 2025	Variación %
1	83.251.407,76	85.731.286,61	2,98%	117.410.785,66	123.381.301,49	5,09%
2	158.891.437,55	164.871.664,78	3,77%	10.922.786,87	11.620.105,44	6,38%
3	50.530,00	50.530,00	0,00%	44.464.687,87	48.136.640,02	8,26%
4	33.053.672,66	34.840.350,46	5,36%	124.062.442,57	123.855.970,81	-0,17%
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	5.809.000,00	5.809.000,00	0,00%
Operaci. Corr.N.F	275.847.047,97	286.093.831,85	5,36%	302.669.702,97	312.803.017,76	10,78%
6	37.429.215,13	44.644.462,86	19,28%	,00	,00	0,00%
7	2.828.046,62	3.345.680,80	18,30%	11.299.518,96	18.960.433,35	67,80%
Operaci. Cap. N.F	40.257.261,75	47.990.143,66	19,21%	11.299.518,96	18.960.433,35	67,80%
8	532.000,00	532.000,00	0,00%	2.667.087,79	2.852.524,40	6,95%
9	,00		0,00%	,00	,00	0,00%
Total	316.636.309,72	334.615.975,51	5,68%	316.636.309,72	334.615.975,51	5,68%

Os estados consolidados reflicten os Entes con Orzamento limitativo, neste caso, Entidade Local e Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo.

CLASIFICACIÓN FUNCIONAL DE GASTOS E COMPARATIVA 2024-2025, RESUME POR ÁREAS DE GASTO

Área	Descripción	Entidade		% var.	Consolidado		% var.
		2024	2025		2024	2025	
0	Débeda Pública	,00	,00	0,00%	,00	,00	0,00%
1	Servizos Públicos básicos	159.052.481,38	159.017.834,74	-0,02%	164.457.915,44	165.037.804,38	0,35%
2	Actuación de protección e promoción social	29.692.222,21	30.294.278,94	2,03%	29.692.222,21	30.294.278,94	2,03%
3	Producción B. públicos carácter preferente	55.749.069,20	58.246.431,11	4,48%	55.749.069,20	58.246.431,11	4,48%
4	Actuacións de carácter económico	24.669.082,76	25.063.974,93	1,60%	24.669.082,76	25.063.974,93	1,60%
9	Actuacións de carácter Xeral	42.068.020,11	55.973.486,15	33,05 %	42.068.020,11	55.973.486,15	33,05 %
Total		311.230.875,66	328.596.005,87	5,58%	316.636.309,72	334.615.975,51	5,68%

RESUMO DO ORZAMENTO DE GASTOS E INGRESOS DA XMU E COMPARATIVO 2025-2024

CAPÍTULO	Estado de Gastos			Estado de Ingresos		
	Importe 2024	Importe 2025	Variación %	Importe 2024	Importe 2025	Variación %
1	6.420.783,49	6.555.040,91	2,09 %			
2	1.689.960,13	2.106.259,09	24,63%			
3				1.665.380,85	2.082.600,00	25,05%
4	,00	,00	0,00%	6.210.563,00	6.360.700,00	2,42%
5				405.000,00	405.000,00	0,00%
Op. Corr. NF	8.110.743,62	8.661.300,00	6,79%	8.280.943,85	8.848.300,00	6,85%
6	1.379.356,87	1.265.432,84	-8,26%	,00	,00	0,00%
7	1.888.196,57	2.216.236,80	17,37%	962.265,42	974.145,24	1,23%
Op. Cap. NF	3.267.553,44	3.481.669,64	6,55%	962.265,42	974.145,24	1,23%
T. Op. N.F	11.378.297,06	12.142.969,64	0,00%	9.243.209,27	9.822.445,24	4,39%
8	32.000,00	32.000,00	0,00%	2.167.087,79	2.352.524,40	8,56%
Total	11.410.297,06	12.174.969,64	6,70%	11.410.297,06	12.174.969,64	6,70%

FUNDACIÓNS QUE FORMAN PARTE DO PERÍMETRO DE CONSOLIDACIÓN

As fundacións que se relacionan, que forman parte do Grupo Concello de Vigo, ao igual que o Concello e o Organismo Autónomo, quedan suxeitas ao cumprimento dos obxectivos fiscais que regula a Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEO (MARCO)

Orzamento de Gastos e ingresos e estado comparativo

CONCEPTOS	Empregos			Recursos			
	Importe 2024	Importe 2025	Variación		Importe 2024	Importe 2025	Variación
G. Persoal	354.062,00	362.913,00	2,50%	Ingresos actividade	5.000,00	2.500,00	-50,00%
Cons. eléctrico	155.242,00	120.000,00	-22,70%	Subv. doazóns	975.000,00	900.000,00	-7,69%
Exposicións	145.631,00	76.337,00	-47,58%	Achegas usuarios	12.000,00	13.000,00	8,33%
Compra de obra	,00	,00	0,00%	Cursos	25.000,00	25.000,00	0,00%
Outros g. Activida.	364.815,00	408.000,00	11,84%	Patrocinio La Caixa	10.000,00	25.000,00	150,00%
G. Financeiros	1.250,00	1.250,00	0,00%	Alugueiros	20.000,00	29.000,00	45,00%
Amortiza. Inmv.	26.000,00	26.000,00	0,00%	Agrupación amiga			
Total	1.047.000,00	994.500,00	-5,01%		1.047.000,00	994.500,00	-5,01%

CONVENTION BUREAU (CB)

Orzamento de Gastos e ingresos e estado comparativo

CONCEPTOS	Empregos			Recursos			
	Importe 2024	Importe 2025	Variación		Importe 2024	Importe 2025	Variación
G. Persoal	196.559,32	209.108,93	6,38%				
Cons. e gast. xestión	43.500,00	35.900,00	-17,47%	Subv. doazóns	212.000,00	225.000,00	6,10%
Publ.mat. Promoc.	6.000,00	6.000,00	0,00%	Achegas socios	15.250,00	15.810,75	0,96%
Acc. promoción	250.575,68	259.186,82	3,44%	Out. ingresos	275.000,00	275.000,00	0,00%
P. outros entes	5.615,00	5.615,00	0,00%				
Operac. N.F	502.250,00	515.810,75	2,70%	0	502.250,00	515.810,75	2,70%

TERCEIRO.- Aprobar as Bases de Execución que serán de aplicación á Entidade Local e Xerencia Municipal de Urbanismo, coa excepción da regulación propia que se aprobe para o Organismo Autónomo.

CUARTO.- Aprobar as Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

QUINTO.- Aprobar o cadro de persoal e plantilla da Entidade Local e da Xerencia Municipal de Urbanismo.

SEXTO.- Aprobar o Plan de Investimento-Financiamento 2025-2028, que quedará sometido aos axustes que cada ano se estableza, producíndose a revisión do mesmo en cada ano.

SÉTIMO.- Dar conta do informe da Intervención Xeral sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria (sector administracións públicas e sector sociedades non financeiras (art. 16.2 RD 1463/2007).

OITAVO,- En cumprimento do preceptuado no art. 169 do TRLRHL, o Orzamento Xeral, definitivamente aprobado, será inserido no Boletín Oficial da Provincia, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran.

NOVENO.- Do Orzamento Xeral definitivamente aprobado, remitirase copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma. O procedemento de remisión axustarase ao contido do previsto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro.

DÉCIMO.- En cumprimento do previsto no apartado seis do artigo 21 do RD 500/90, o Orzamento definitivo que se aprobe para o ano 2025, terá os seus efectos dende o un de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.

DÉCIMOPRIMEIRO.- O Orzamento entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado na forma prevista no artigo precitado e terá os seus efectos dende o un de xaneiro.

DÉCIMOSEGUNDO.- De acordo o previsto no art. 171 do TRLRHL, contra a aprobación definitiva do Orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdición (artigos 45 e 46 da Lei 29/1998). A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do Orzamento definitivamente aprobado pola Corporación Municipal.

DÉCIMOTERCEIRO.- Se o Dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas citadas, ou por desenvolvemento da normativa legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación ou polo órgano que teña a competencia, acordaranse os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ó interese xeral, se das mesmas se puxese en perigo o cumprimento das regras fiscais de aplicación para o ano 2025.

DÉCIMOCUARTO.- Todas as alegacións presentadas en prazo e das que se tivo coñecemento até as 24 horas do día 11 de decembro, foron avaliadas e resoltas, considerando que aquelas que non cumpran este requisito, entenderanse rexeitadas pola aplicación do artigo 20 do Real Decreto 500/1990.

ANEXO ARCHIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno extraordinario Aprobación definitiva do Orzamento Xeral do Concello de Vigo para 2025
Legislatura: Mandato 2023-2027
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Lunes, 23 de Diciembre de 2024 09:08:01
Fecha Fin : Lunes, 23 de Diciembre de 2024 09:40:32
Duración : 00:32:31

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3522

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 436 MiB

Url -

<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/3qtozWc52wHm9P0lhYG4FGpk0SMlww0MCwpy6dh5QZWakZTf.wmv>

SHA512 - 4c3f2d7d3332be8ea3ffa8f10e5dac5c895983fe3672f4a330b0ae9c1e55b0a8632f7ea93ad743534f3dcac277533c19835d5518c6bf7dcbe998755c78c88b46

- Media (PROXYS)

[1] Video H264, 480p, Stereo, 217 MiB

Url -

<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/vZrtr0cnkCfLKrW69miZl8mauKe0AFkutGPFkCzK1dsWwHiv.mp4>

SHA512 - 94bfe41fa87111194a4372e98b3dba9ce2c7069259f7f4b8a9e176773c68f485a1c7002af834bc8289a61ca8e5a069c6db07ec9d16474289848454f69bbea7cb

- Minutaje

00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Interventor; Secretario; Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Lago Barreiro, M.^a del Carmen; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Mamuel; Martín Peña, José Miguel; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; García González, Patricia; Benavides Alonso, Daniel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier.

00:00:41 - Caballero Álvarez, Abel

00:00:56 : UNICO. Aprobación definitiva do Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2025. Expte 90/142 (Expte 4671/1101).

00:01:21 - Aneiros Pereira, Jaime

00:06:55 - Caballero Álvarez, Abel

00:07:04 - Pérez Iglesias, Xabier

00:07:39 - Caballero Álvarez, Abel

00:08:04 - Pérez Iglesias, Xabier

00:13:13 - Caballero Álvarez, Abel

00:13:16 - García González, Patricia

00:20:05 - Caballero Álvarez, Abel
00:20:15 - López Font, Carlos
00:26:15 - Caballero Álvarez, Abel
00:26:25 - Aneiros Pereira, Jaime
00:30:40 - Caballero Álvarez, Abel
00:30:49 - Votación [9:38:51]
00:31:20 - Votación [9:39:22]
00:32:31 : [FIN]

-- 0 --

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás nove horas e corenta minutos (09:40)redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 22/2024, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2024.
am.

A PRESIDENCIA
Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO
Jose Villan Fuertes